

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026716	IES Plurilingüe Adormideras	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial, Intervencións artísticas, do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Plurilingüe Adormideras situado na cidade de A Coruña.

O Instituto Adormideras, situado nun extremo da cidade conta cunha matrícula que foi incrementándose nos últimos anos e que está a día de hoxe entorno a 606 alumnos. Este alumnado procede de familias de estrato social moi diverso e cabe salientar nos últimos cursos un incremento de alumnado procedente do estranxeiro, especialmente de países de Hispanoamérica.

O alumnado de ESO do Instituto Plurilingüe Adormideras vive no seu domicilio familiar na inmensa maioría e a maior parte nunha zona próxima ó instituto. Adoitan ser de clase media, aínda que hai un dez por cento de alumnos xitanos e inmigrantes, especialmente de Hispanoamérica. O alumnado de Bacharelato vive no seu domicilio familiar nun oitenta por cento e unha porcentaxe moi elevada procede dos concellos limítrofes de A Coruña, xa que o noso instituto é o único centro público da cidade que imparte o bacharelato artístico en A Coruña e na súa bisbarra.

Os grupos seleccionados de 4º ESO, están compostos por un total de 58 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 15 e os 17 anos. Este alumnado está repartido en dous grupos de 28 e 30 alumnos e alumnas respectivamente.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Creando contexto, proxecto artístico	O alumnado levará a cabo un proxecto para identificar e sinalizar as obras artísticas que están decorando as paredes do centro de ensino. Elaborará un sistema de identificación mediante o emprego de códigos QR, deseñará unha páxina web coa información recompilada e traballará na elaboración e posta en marcha dunha aplicación móbil.	25	10	X		
2	A creación artística, proxecto persoal	O alumnado desenvolverá ao longo do curso un proxecto persoal coa finalidade de coñecer as etapas da creación artística e a elaboración dun produto final.	20	4	X	X	X
3	A contorna e o seu valor artístico	Levarase a cabo un proxecto de recollida das diferentes manifestacións artísticas ubicadas na contorna do centro de ensino para o estudo e posta en valor das mesmas.	25	10		X	
4	O centro de ensino como elemento dinamizador e transmisor de cultura	Montaxe, realización e posterior proxección de diferentes curtametraxes que recollan os diferentes traballos e accións artísticas desenvolvidas no centro.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Creando contexto, proxecto artístico	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática escollida.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Distribuir o traballo nas sesións de clase do trimestre.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Poñer en valor coa importancia que merece o traballo realizado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expoñer ante o alumnado do centro o traballo realizado.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Axeitar os recursos ás necesidades do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	A creación artística, proxecto persoal	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar a importancia da creación dun proxecto artístico persoal.		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Organizar os materiais e facer un uso axeitado deles.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Recompilar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Organizar o tempo de traballo axeitadamente.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solucionar as posibles adversidades durante o proceso de traballo.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Realizar un produto final acorde á formación recibida.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Poñer en valor o proxecto levado a cabo.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expoñer o produto final explicando o proceso de traballo ata chegar a súa materialización final.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Elaborar un discurso coherente tanto na súa linguaxe como na difusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

UD	Título da UD	Duración
3	A contorna e o seu valor artístico	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar o proxecto que se vai desenvolver neste trimestre.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Planificar os recursos que serán necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Organizar a información recompilada.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expoñer ante o alumnado do centro o traballo realizado.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos dos que se dispón axeitadamente, segundo as necesidades do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	O centro de ensino como elemento dinamizador e transmisor de cultura	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar a relevancia do traballo que se vai a realizar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Elaborar un plan de traballo con recursos e materiais especificados.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Organizar a información recompilada.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Distribuír o tempo de traballo en función das dificultades a superar para a realización do traballo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solucionar as incidencias e prever as necesidades.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Organizar o tempo de traballo de xeito óptimo.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Relacionar os coñecementos propios e/ou adquiridos axeitadamente.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos dispoñibles segundo as necesidades atopadas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Superar as dificultades atopadas durante o proceso de traballo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o traballo realizado.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación das curtametraxes.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Elaborar un discurso coerente e unha comunicación efectiva, ambos baseados nos coñecementos adquiridos.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Comunicar dende a calma.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo diferentes proxectos, tanto grupais como a nivel individual.

Estas actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. Os proxectos colectivos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto. Nos proxectos individuais cada alumno/a traballará de xeito autónomo guiado/a polas profesoras da materia.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxectovcolectivo: dado que estamos nun centro no que se imparte o Bacharelato de Artes, existe unha gran cantidade de reproduciónse e orixinais de obras de arte diseminadas por todo o centro. A proposta para o alumnado da materia é a recollida de imaxes e catalogación destas obras. Crearase unha aplicación móbil e/ou páxina web na que se depositará toda esta información que será referenciada na ubicación das propias obras mediante a colocación de códigos QR.

Recompilarase a información sobre a temática escollida. Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Crearase un espacio de traballo común na aula virtual, onde se irá depositando a información recompilada.

Realizarase tamén un proxecto individual artístico coa finalidade de achegar ao alumnado á experiencia de elaborar un proxecto persoal.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, traballarase do mesmo xeito que na primeira avaliación pero esta vez traballando sobre as manifestacións artísticas da contorna do centro educativo, poñendo especial interese no parque de esculturas da Torre de Hércules.

Realizarase tamén un proxecto individual artístico coa finalidade de achegar ao alumnado á experiencia de elaborar un proxecto persoal.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado, traballará na elaboración de pequenas curtametraxes asociadas a súa experiencia como axentes culturais. Ao remate de curso, proxectaranse todas as obras en todo o centro, puidendo participar nalgún concurso ou edición a nivel local ou autonómico.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (traballo con ángulos, planos de rodaxe..).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, contextualización, historias e lendas...).
- Lingua estranxeira (doblexe ao idioma correspondente).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social...).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (fotografía, edición de luz, marcos...).
- Tecnoloxía (xeración de códigos QR, repositorio web, aplicación móbil...).

Realizarase tamén un proxecto individual artístico coa finalidade de achegar ao alumnado á experiencia de elaborar un proxecto persoal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores
Cámaras de fotos ou dispositivos móbiles con cámara
Equipamento de gravación
Libros e material de consulta

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será a aula de informática, onde os distintos grupos buscarán a información sobre o proxecto.

Na segunda avaliación, o espazo habitual será a aula propia coa disposición de pupitres en grupos de catro, e tamén a aula de informática. As sesións tamén poden ser levadas a cabo na aula de Volume ou na biblioteca do centro.

Na última avaliación, as presentacións das obras serán levadas a cabo, de ser posible, no salón de actos do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	20	25	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información necesaria. Adopción de rol concreto. Participación activa. Entrega da primeira parte do proxecto persoal.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación do traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa. Entrega da segunda parte do proxecto persoal.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración e presentación das curtametraxes. Finalización e presentación do proxecto persoal.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores

procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar un traballo individual, o cal versará sobre aspectos relacionados co proxecto grupal.

A nota de dito traballo representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar un traballo individual cunha temática relacionada co traballo levado a cabo durante o curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión da Lectura	X			
ET.2 - Expresión Oral e Escrita			X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual		X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital		X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X		X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas actividades culturais do centro.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X

Observacións:

Presentación dos proxectos realizados ante a comunidade educativa e posible participación en concursos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados